

PLAN ESTRATÉXICO PONTE

2021-2022

FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS



Versión	Aprobada por	Data de aprobación
Primeira	Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais	4/03/2021
Primeira	Xunta de Facultade	...
Primeira	Comisión de Calidade e Planificación do Consello de Goberno	03/03/2021

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> <small>FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS</small>	PLAN ESTRATÉGICO PONTE 2021/22	Data: 28/02/2020
		Páxina 0 de 24

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	1
2. BASE DOCUMENTAL	1
3. TRAXECTORIA ACADÉMICA DA FACULTADE	2
4. SITUACIÓN ACTUAL	5
4.1 Oferta Académica	5
4.4.1 Grao en Ciencia Política e da Administración	5
4.4.2 Máster en Marketing, Consultoría e Comunicación Política / Máster en Tecnoloxías en Marketing e Comunicación Política	7
4.4.3 Programa de Doutorado en Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas	9
4.2 Actividade Investigadora	10
4.3 Recursos Humanos	11
4.4 Infraestruturas	12
4.5 Proxección Exterior	16
4.5.1 Participación de Programas Mobilidade e redes de colaboración docente e investigadora	16
4.5.2 Actividade Cultural	16
4.6 Calidade	17
5. MISIÓN, VISIÓN E VALORES	18
6. PROPOSTA DE LIÑAS ESTRATÉGICAS	19

 FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	PLAN ESTRATÉXICO PONTE 2021/22	Data: 28/02/2020 Páxina 1 de 24
--	-----------------------------------	--

1. INTRODUCCIÓN

O *Plan Estratégico Ponte 2021-2022* da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais foi elaborado pola Comisión de Calidade e o equipo de dirección desta facultade como produto do proceso PE-01 (Planificación Estratégica do Sistema de Garantía de Calidade) no exercicio das competencias que posúen.

Tendo en conta que o horizonte de aplicación do actual Plan Estratégico da Universidade de Santiago de Compostela (USC) está alcanzando o seu límite, este plan constitúe unha folla de ruta provisoria para este centro ata aprobación dun novo marco estratéxico para a USC. Ese novo marco obrigará a renovar o presente plan que será fundamentado no seu momento co emprego de técnicas de recollida de datos que non foi posible usar nesta edición.

Tras a solicitude feita pola Área de Calidade en novembro de 2020, iniciouse a elaboración deste plan en función das directrices establecidas no *Documento Sobre Orientación do Contido do Plan Estratégico Ponte dos Centros* e na *Guía para a Elaboración da Planificación Estratégica Ponte dos Centros da USC*, remitidos ao centro pola Vicerreitoría o 30 de outubro de 2020.

Froito das reflexións realizadas, este Plan debe constituír un paso previo a unha planificación rigorosa do centro, máis nel xa se albiscan as vías que tería que seguir o proxecto da facultade no curto e medio prazos.

A continuación, a partir desta introdución, desenvólvese o plan, estruturado en catro seccións máis:

- **Base documental**, na que se expoñen os documentos que se consultaron para poder describir a situación actual e formular as iniciativas que se expoñen máis adiante;
- **Situación actual da facultade**, na que se describe o panorama que presenta o centro, se salientan elementos de mellora, pero tamén circunstancias e recursos que presentan fortalezas e, por tanto, poden constituír unha base de desenvolvemento no medio prazo;
- **Visión, misión e valores**, onde se expón a razón de ser e as expectativas de evolución da facultade;
- e **Liñas estratéxicas**, última sección, na que se declaran os diversos ámbitos aos que se deberían encamiñar os esforzos da comunidade académica do centro nos próximos anos.

2. BASE DOCUMENTAL

Para a elaboración deste Plan se consultaron diversos documentos vinculados á xestión de calidade na facultade, principalmente:

- *Informe de autoavaliación da Licenciatura en Ciencia Política e da Administración* (2003).
- *Informes de seguimento do Grao en Ciencia Política e da Administración* (último quinquenio).
- *Autoinforme de Renovación da Acreditación do Grao en Ciencia Política e da Administración 2015*.

- Informes de seguimento do Máster en Marketing, Consultoría e Comunicación Política (último quinquenio)
- *Autoinforme de Renovación da Acreditación do Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política 2018-19.*
- *Memoria para la Solicitud de Verificación de Títulos Oficiales (Títulos de Máster Universitario) Máster en Tecnologías en Márketing y Comunicación Política (2020).*
- Memorias de calidade da facultade (último quinquenio).
- *Estudo de Inserción Laboral dos Graduados en Ciencia Política e da Administración 2011-2014 (2017).*
- *Estudio de Inserción laboral dos titulados nos másteres impartidos na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais 2016.*

Como resultado, fíxose unha análise das observacións contidas nos documentos máis recentes en torno a varios eixos (oferta académica; actividade investigadora; recursos humanos; infraestruturas; acción exterior e calidade) que vertebran os comentarios sobre a situación actual do centro e formulación das liñas estratéxicas da sección final do Plan.

3. TRAXECTORIA ACADÉMICA DA FACULTADE

A Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC iniciou a súa actividade no edificio central no que na actualidade se sitúan os seus servizos administrativos e despachos docentes e de investigación no curso 1991-1992, cando se pon en marcha a *Licenciatura en Ciencia Política e da Administración* (plan 1991) (Resolución da USC de 2 de decembro de 1991, BOE de 17 de xaneiro de 1992) e, case inmediatamente, o programa de doutoramento *Procesos Políticos Contemporáneos*, este último implementado no bienio 1992-1994.

A *Licenciatura en Ciencia Política e da Administración* (1991) introduciu estes estudos por primeira vez no sistema universitario galego co obxectivo de reforzar o campo das ciencias sociais e crear un perfil de titulado versátil, caracterizado pola multidisciplinariaidade dos coñecementos adquiridos. Durante o seu segundo ciclo, contemplaba a especialización do alumnado en tres orientacións: estudos políticos; estudos da Administración pública e estudos internacionais.

Pola súa banda, o programa de doutoramento *Procesos, Políticos Contemporáneos* púxose en marcha co obxectivo central de “reforzar os coñecementos avanzados en ciencia política e socioloxía en torno a temas vinculados ás transicións e consolidacións democráticas e á institucionalización dos sistemas políticos en Europa e América Latina”.

A oferta destes títulos iniciais mantívose durante anos, constituíndo ambos o núcleo dunha orientación dirixida a converter este centro nunha referencia dentro do amplo campo disciplinar das ciencias sociais en España.

Os títulos inicialmente ofertados foron adaptados á realidade dos cambios tanto nas prioridades do estudo da ciencia política e da administración e das ciencias sociais, en xeral, como derivados das adaptacións dos programas formativos ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) ou *Proceso de Bolonia*. Paralelamente, as instalacións medraron e, a principios do século actual, a impartición dos programas formativos trasladouse a un aulario anexo que continúa sendo na actualidade o centro da actividade académica da facultade.

No que atinxe ao nivel de grao, a modificación do plan da *Licenciatura en Ciencia Política e da Administración* en 1999 (Resolución de 9 de decembro de 1999, BOE 10 de xaneiro de 2000) aproveitou o potencial provinte do aumento do cadro de persoal docente e investigador e guiouse pola necesidade de reforzar a capacidade de inserción laboral retendo o carácter interdisciplinar orixinal. De novo, en 2003 (ano no que comeza a extinción do título) se definiron tres itinerarios no segundo ciclo (ciencia política; Administración pública; estudos internacionais).

En 2008, para adaptarse ao EEES, a licenciatura transfórmase no actual *Grao en Ciencia Política e da Administración* (Resolución da USC, de 21 de xaneiro de 2009, BOE de 16 de febreiro de 2009), implantado no curso 2009-2010, co propósito de “espertar nos estudantes o interese pola aprendizaxe dos conceptos, métodos e técnicas fundamentais da ciencia política e da xestión pública” e “situar as disciplinas da ciencia política e da xestión pública como parte das ciencias sociais”.

En 2015 se deseñou e aprobou en Xunta de Facultade unha nova proposta de plan de estudos para o grao, paralizada posteriormente pola coincidencia da súa tramitación co proceso de verificación da acreditación do título.

Posteriormente, en 2016, o *Grao en Ciencia Política e da Administración* modificouse parcialmente (BOE número 269, de 6 de novembro de 2017) co obxectivo de corrixir o peso de contidos do cuarto curso, facéndoo máis proporcionais ao desenvolvemento do resto do programa formativo, na liña do suxerido por varios informes de seguimento e unha avaliación externa.

No que atinxe ao nivel de postgrao, desde o ano 2001, sucédese a oferta de varios títulos:

- *Máster en Cooperación Internacional e Voluntariado* (posteriormente, *Master en Xestión da Cooperación Internacional e das ONG's*), ofertado como título propio entre o curso 1999-2000 e 2012-13, co obxectivo de responder á “crecente demanda en todos os niveles políticos (local, rexional, nacional, europeo e internacional) para coñecer, de forma sistemática, os marcos legislativos, os entornos socioeconómicos e a dirección de ferramentas do sistema internacional de cooperación ao desenvolvemento”.
- *Máster en Xestión da Calidade Total*, ofertado como título propio entre os cursos 2001-02 e 2004-05, tivo como obxectivo “proporcionar un marco sólido para a aprendizaxe e o desenvolvemento da profesionalidade na procura da excelencia nas Administracións Públicas”.
- *Máster Universitario en Xestión Pública* (BOE do 28 de febreiro de 2011), ofertado entre os cursos 2010-11 e 2013-14 (extinguido no curso 2016-17), propoñía “formar ao estudante no coñecemento avanzado e os principais debates sobre os conceptos, métodos e técnicas fundamentais da Xestión Pública”.
- *Máster Universitario en Xuventude e Sociedade* (BOE do 6 de marzo de 2014), ofertado entre os cursos 2011-12 e 2013-14 (extinguido no curso 2016-17), pretendía “procurar a cualificación profesional no deseño e xestión de políticas públicas dirixidas á xuventude”.
- *Máster Universitario en Márketing, Consultoría e Comunicación Política* (BOE de 6 marzo de 2014), activo entre os cursos 2012-13 e 2020-21, aspirou a “desenvolver os coñecementos e habilidades necesarios para un correcto desempeño profesional no ámbito da mercadotecnia e a comunicación política sempre no ámbito governamental, administrativo e/ou institucional”.
- *Máster en Tecnoloxías en Márketing e Comunicación Política*, comezará a ofertarse no curso 2021-22 co obxectivo de “desenvolver modelos e metodoloxías críticas e estratéxicas para afrontar de forma teórica e práctica os procesos de comunicación e márketing político contemporáneos” e

así “dotar ao alumnado dunha visión global avanzada, que lle permita desempeñar a súa carreira laboral nunha ampla variedade de organización e institución tanto públicas como privadas”.

A nivel de doutoramento, o programa *Procesos, Políticos Contemporáneos* mantivo a súa oferta ininterrompida alcanzando a partir do período 2007-2008 a Mención de Calidade do Ministerio de Educación y Ciencia.

A posta en marcha en 2012 do *Máster en Marketing, Consultoría e Comunicación Política* serviu de base para a implantación, a partir do curso 2013-14, do actual *Programa de Doutoramento en Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas* (BOE nº 60, de 11 de marzo de 2014), que “se insire no ámbito da investigación en Ciencia Política, Administración Pública e Socioloxía, presentando ao alumno de doutoramento un escenario de investigación desde a construción do pensamento crítico, así como de discusión, profundización empírica e teórica en problemas clave sociais e políticos, a formulación de cuestións relevantes de investigación e identificación dos baleiros de coñecemento no ámbito das ciencias políticas e sociais”.

Por outra banda, durante os últimos 30 anos, este centro acolleu a actividades das áreas de coñecemento de ciencia política e socioloxía a través de diferentes configuracións. Desde 1991 a 2001 foi sede do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración, posteriormente escindido nos departamentos de Ciencia Política e da Administración (2002-2016) e de Socioloxía (2002-2016). Desde 2016, é sede do Departamento de Ciencia Política e Socioloxía e abrangue tres áreas: Ciencia Política e da Administración; Socioloxía; Psicoloxía Organizacional, Xurídica Forense e Metodoloxía das Ciencias do Comportamento.

As instalacións (aulario) tamén acollen desde hai dúas décadas parte da oferta docente do Centro de Linguas Modernas e durante os últimos catro cursos, de xeito provisorio, a docencia de diversas materias do Grao en Farmacia. Así mesmo, mediante convenio, as instalacións dan apoio á actividade da empresa Cursos Internacionais de Español e, fóra do horario lectivo, desde elas desenvolven actividade docentes outras entidades que preparan a aspirantes doutras disciplinas para o acceso a formación especializada.

Ao longo da súa traxectoria, foron decanos/as da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais os seguintes profesores/as:

Prof. José Vilas Nogueira (1991-1996)

Prof. Ramón Máiz Suárez (1996-2004)

Profª María Nieves Lagares Díez (2005-2013)

Profª María Antonia Arias Fernández (2013-2017)

Na actualidade, a composición dos órganos de goberno do centro é a seguinte:

Equipo decanal: Ramón A. Bouzas Lorenzo (decano, 2017-); Miguel Ángel Caínzos López (vicedecano, 2017-) e Irene Rodríguez Manzano (secretaria, 2013-)

Xunta de Facultade: formada por 21 PDI permanente; 1 PDI no permanente; 14 representantes de alumnado e 2 representantes do PAS.

A Xunta de Facultade posúe 5 comisións delegadas: Calidade; Cultura, Biblioteca e Normalización Lingüística; Título de Grao; Asuntos Económicos e Infraestruturas; Traballo Fin de Grao, Prácticas Externas e Mobilidade.

Cada título ofertado dispón dun coordinador e o máster, opera, ademais, cunha Comisión Académica. No caso do grao, a coordinación refórzase cunha rede de PDI que supervisa o funcionamento de cada curso.

Finalmente, el centro dispón dunha coordinadora de alumnado.

4. SITUACIÓN ACTUAL

Faise de seguido un resumo da situación do centro extraída da documentación consultada. Nalgúns apartados a descrición se acompaña de táboas nas que se indican algunhas melloras efectuadas e aspectos pendentes de intervención.

4.1 Oferta Académica

Na actualidade a oferta abrangue tres programas:

- *Grao en Ciencia Política e da Administración.*
- *Máster en Marketing, Consultoría e Comunicación Política / .*
- *Programa de Doutoramento en Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas.*

Deixando a un lado o programa de doutoramento, no curso actual (2020-21) o número total de matriculados é de 503 e a oferta inicial prazas para os dous títulos ofertados ascende a 160 prazas.

4.1.1 Grao en Ciencia Política e da Administración

Titulación presencial de 240 ECTS, da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, distribuída en 4 cursos. Foi implantada no curso 2008-09 (BOE de 16 de febreiro de 2009), verificada no curso 2014-2015 e modificada substancialmente en 2016. Na actualidade, o título está coordinado polo Prof. Celestino García Arias.

Os seus obxectivos son:

- Espertar nos estudantes o interese pola aprendizaxe dos conceptos, métodos e técnicas fundamentais da Ciencia Política e da Xestión Pública.
- Coñecer a natureza e os principais métodos aplicables ao obxecto do estudo das diferentes disciplinas, dende a perspectiva histórica da súa xénese e desenvolvemento.
- Situar as disciplinas da Ciencia Política e da Xestión Pública como parte das Ciencias Sociais.
- Proporcionar unha formación sólida e autónoma en Ciencia Política e da Administración.
- Conciliar a formación sólida nos fundamentos das ciencias sociais coas habilidades necesarias para a aplicación destes coñecementos á práctica profesional.
- Xerar mediante o seu estudo a capacidade crítica de análise que lle permita avaliar e deseñar alternativas en ámbitos institucionais, de políticas públicas e de xestión.
- Capacitar ao estudante para aprender con autonomía e para a elaboración de respostas propias aos problemas obxecto de estudo.

O título oferta nos últimos cursos 125 prazas de novo ingreso sen perfil específico de acceso.

Durante os tres primeiros cursos a carreira ofrece unha oferta de materias principalmente de fundamento e obrigatorias; no terceiro curso ofértase optatividade sen mención ou itinerario e no cuarto materias obrigatorias, entre elas o TFG de 14 ECTS e as prácticas externas de 28 ECTS.

É importante salientar a dimensión do programa de prácticas externas, cuxa xestión esixe unha elevada dedicación. Para mantelo, ademais da unidade de xestión académica, cóntase co apoio da comisión de prácticas e unha rede de coordinadores (docentes). O programa conta coa colaboración de máis dun centenar de entidades públicas e privadas españolas e estranxeiras, número que continúa incrementándose.

No curso 2020-21 imparten docencia no grao 42 profesores /as vinculados a cinco áreas (Ciencia Política e da Administración; Socioloxía; Economía Aplicada; Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais; Dereito Administrativo), dos cales 21 son PDI permanente e 21 PDI non permanente.

Segundo os informes de seguimento, destacamos algunhas características do título e da súa evolución nos últimos cinco cursos, así como algunhas intervencións realizadas e accións pendentes (táboa 1).

Táboa 1: Características e intervencións no Grao en Ciencia Política e da Administración

	CARACTERÍSTICAS	ACCIÓNS REALIZADAS	ACCIÓNS PENDENTES
INGRESO	<p>Mantemento do número de prazas ofertadas.</p> <p>Capacidade sostida de captación de novo alumnado.</p> <p>Relación estable de estudantes preinscritos en 1ª opción (matriculados por 1ª vez) sobre as prazas ofertadas.</p> <p>Redución sensible do número total de matriculados na titulación.</p> <p>Orixe do alumnado maioritariamente galega (96%) e baixa captación do resto de España e estranxeiros (-1,5%).</p> <p>Fluctuación da nota media de acceso entre 7,3 e 8,1 puntos.</p> <p>Ascenso sostido da porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6.</p> <p>Lixeiro desaxuste entre o perfil do alumnado que ingresa na carreira e o perfil axeitado aos contidos e obxectivos do grao.</p>	<p>Estudos sobre o perfil de alumnado de novo ingreso</p> <p>Incremento de participación en programas de captación promovidos pola USC</p> <p>Organización de actos de acollida ao novo alumnado</p> <p>Colaboración nas accións de promoción da universidade a través do programa "A Ponte".</p>	<p>Reforzar as actividades de promoción do título e do perfil do titulado/a.</p> <p>Poñer en marcha accións de captación de alumnado con puntuacións de acceso superiores</p> <p>Reforzar a captación de estudantes de fóra de Galicia</p> <p>Mellorar os mecanismos de comunicación no título</p> <p>Mellorar a organización da asistencia ao alumnado a través do programa de alumnos titores</p>
RENDEMENTO	<p>Número baixo alumnos por grupo de teoría de formación básica ou obrigatoria.</p> <p>Número alto de alumnos por grupo nas materias optativas.</p> <p>Descenso da media de alumnos por grupo de docencia interactiva.</p> <p>Lixeiro incremento de estudantes (saíntes) en programas de mobilidade, aínda que, en xeral, a participación (entrante e saínte) é baixa.</p>	<p>Revisión anual dos axustes feitos pola Vicerreitoría e mantemento de dúas quendas de docencia expositiva nas materias obrigatorias (ata terceiro).</p> <p>Diversificación dos programas de mobilidade (Erasmus KA107).</p>	<p>Potenciar a participación en programas de mobilidade</p> <p>Mellorar a oferta de información sobre o título en lingua inglesa</p> <p>Mellorar a organización dos programas de mobilidade, intensificando dende o primeiro curso a información ofrecida</p>
SATISFACCIÓN	<p>Satisfacción elevada do alumnado (3,82) (todos os ítems superan os 3,5 puntos e tres igualan ou superan os 4 puntos).</p> <p>Satisfacción alta do profesorado (5 ítems reciben un mínimo de 3,5 puntos; 8 ítems se sitúan por riba de 4 puntos).</p> <p>Valoracións satisfactorias sobre o desenvolvemento das prácticas externas</p> <p>Satisfacción aceptable dos titores externos de prácticas (os valores oscilan entre 3,43 e 3,86).</p>	<p>Expansión dos convenios programa de prácticas.</p> <p>Dotación de maior información ao alumnado e profesorado sobre a organización académica do título.</p> <p>Execución de medidas especiais internas de adaptación do programa de prácticas as limitacións impostas pola Covid-19.</p> <p>Elaboración dun estudo entre o alumnado e egresados sobre a implementación do plano de estudos e posibilidades de mellora.</p> <p>Mellora dos mecanismos de comunicación internos</p> <p>Estudo das medidas a adoptar en materia de programación académica (horarios, organización de grupos, aplicación das directrices dos órganos de goberno) ante o escenario de incerteza do curso 2020-21</p> <p>Estudo da adaptación do PDI e do alumnado ao contexto non presencial provocado pola</p>	<p>Estudar con maior profundidade a satisfacción dos actores involucrados no programa de prácticas.</p> <p>Redeseñar o programa de prácticas externas dotándoo de menor peso curricular</p>

	CARACTERÍSTICAS	ACCIÓNS REALIZADAS	ACCIÓNS PENDENTES
		Covid-19 Estudar o aforo dispoñible nas aulas tras a aplicación de medidas de distanciamento social en previsión do inicio do curso 20-21 así como as opcións de seguimento das clases nun escenario de distanciamento social	
RESULTADOS	Taxa de rendemento (73%) en ascenso, pero inferior á media tanto dos graos de ciencias sociais e xurídicas como á media dos graos da USC (79.49%). Taxa de avaliación (83.82%) en ascenso, pero inferior á media dos graos de ciencias sociais e xurídicas (90.07%) e dos graos da USC (90.55%). Taxa de éxito (86.56%) en ascenso, aproximándose ao valor medio do indicador para os graos de ciencias sociais e xurídicas (87.86%) e para os graos da USC (87.78%). Taxa de éxito por curso: primeiro, 74.15%; segundo, 84.48%; terceiro, 94.42%; cuarto, 97.81%. Taxa de graduación (40%) en descenso. Duración media dos estudos (4,72 anos) en descenso, case idéntica á media dos graos de ciencias sociais e xurídicas (4,73 anos), pero inferior á media da USC (5,06 anos). Descenso da porcentaxe de alumnado matriculado en primeiro curso que non prossegue formación en cursos superiores (20.75%). O dato resulta moi superior á media dos graos de ciencias sociais e xurídicas e dos graos en xeral da USC. Descenso da taxa de abandono (33.33%), que é superior á media da USC (22.10%) e a dos graos de ciencias sociais e xurídicas (22.14%). Taxa de éxito dos egresados (84.22%) en aumento.	Redimensionamento do TFG. Regulación propia do TFG Reorganización do proceso de titorización dos TFG consonte á normativa vixente. Deseño e oferta de actividades formativas complementarias para mellorar as habilidades do alumnado na elaboración de defensa dos TFG Oferta de obradorios de desenvolvemento de competencias para a inserción profesional complementarios ao programa de prácticas externas Incorporación dos titores/as ao proceso de avaliación final do TFG. Redeseño do cuarto curso. Estudo de inserción laboral (2017)	Estudar as causas de baixo rendemento e abandono entre o alumnado de primeiro curso. Actualizar o estudo de inserción laboral Realizar un seguimento dos egresados e crear unha rede de antigos alumnos. Explorar a viabilidade da introdución de modificacións no plan de estudos.

4.1.2 Máster en Marketing, Consultoría e Comunicación Política / Máster en Tecnoloxías en Márketing e Comunicación Política

Titulación presencial de 60 ECTS, da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, desenvolvida nun curso e impartida inicialmente en dúas sedes (esta facultade e o Instituto Universitario Ortega y Gasset, Madrid-ata o curso 2018-19). Foi implantada no curso 2008-09 (BOE de 6 de marzo de 2014), verificada no curso 2015-2016. Está prevista a súa extinción durante o curso 2020-21, aínda que os seus contidos e enfoque quedarán actualizados a través da oferta, desde o curso 2021-22, dun novo *Máster en Tecnoloxías en Márketing e Comunicación Política* 1. Na actualidade o título está coordinada polo Prof. José Manuel Rivera Otero.

Este máster respondeu á crecente demanda de profesionais do marketing e a comunicación nas organizacións cun enfoque estratéxico, ofrecendo a quen desexara especializarse neste campo as ferramentas necesarias, tanto teóricas como, sobre todo, prácticas para o deseño e a implementación de estratexias de marketing e comunicación política eficaces e efectivas.

O obxectivo do título foi desenvolver os coñecementos e habilidades necesarios para un correcto desempeño profesional no ámbito da mercadotecnia e a comunicación política sempre no ámbito governamental, administrativo e/ou institucional. A finalidade foi formar profesionais cun coñecemento global de todas as áreas relacionadas co marketing político, que ademais posúran habilidades para responder ás múltiples tarefas que se abordan nas empresas que se dedican a estas áreas de mercado.

O título ofertou nos últimos cursos 35 prazas de novo ingreso sen perfil concreto de acceso, mais fundamentando a selección do alumnado no expediente académico (máx. 66,6%) e na experiencia profesional (33,33%).

Todas as materias son obrigatorias e o título inclúe un TFM de 12 ECTS e prácticas externas obrigatorias de 6 ECTS.

No curso 2020-21, imparten docencia neste máster 14 profesores /as vinculados a dúas áreas (Ciencia Política e da Administración; Xornalismo), dos cales 7 son PDI permanente e 7 PDI non permanente.

Segundo os informes de seguimento, salientamos algunhas características do título e da súa evolución nos últimos cinco cursos, así como algunhas intervencións realizadas e accións pendentes (táboa 2).

Táboa 2: Características e intervencións no Máster en Marketing, Consultoría e Comunicación Política

	CARACTERÍSTICAS	ACCIÓNS REALIZADAS	ACCIÓNS PENDENTES
INGRESO	<p>O título mostra unha demanda sostida, superior á oferta de prazas.</p> <p>Alumnado maioritariamente procedente de Galicia (85%). Diminución do alumnado español de fóra de Galicia e aumento da porcentaxe de prazas adxudicadas a alumnado estranxeiro (17,95%).</p> <p>Nota de acceso en ascenso (7,39). O 100% dos posúe unha nota media superior a 6.</p> <p>Redución notable da porcentaxe de alumnado matriculado que obtivo o seu título noutras universidades (56,41%). Mantemento en valores altos da porcentaxe de alumnado admitidos que provén de titulacións preferentes.</p> <p>Perfil dos alumnado por titulación de orixe: Ciencia Política e da Administración, 44,00%; Xornalismo ou Ciencias da Información, 14,81%; Publicidade e Relacións Públicas, 3,70%; Comunicación Audiovisual, 3,70%. O resto procede doutras titulacións, realizou estudos no estranxeiro ou ten recoñecemento de equivalencia por Resolución reitoral.</p>	<p>Eliminación da impartición da sede do UIUOG</p> <p>Revisión información do título</p> <p>Redeseño do título</p>	<p>Non procede</p>
RENDEMENTO	<p>Composición multidisciplinar do persoal docente que facilita a adquisición por parte do alumnado non só das competencias contidas na memoria do título, senón tamén das sete competencias xenéricas que establece para o nivel 3 – Máster, o Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior.</p> <p>Solventes resultados na adquisición de coñecementos actualizados sobre a comunicación estratéxica integral, marketing político e consultoría política, así como na adquisición de coñecementos sobre as diferenzas e similitudes dos diferentes campos do marketing, da consultoría e da comunicación.</p> <p>Distribución de cualificacións: matrículas de honra, 2,12%; sobresaínte, 53,33%; notable, 34,24%; aprobado, 9,69% e non presentado, 0,60%. Respecto do TFM, a porcentaxe de sobresaínte foi de 22,22%; notable, 44,44%; aprobado, 25,93% e non presentado, 3,70% (un 3,70% adicional foron renuncias).</p>	<p>Redeseño do título</p> <p>Nomeamento de coordinadores de módulo (responsables da coordinación nas dúas sedes de impartición)</p> <p>Reforzo da cohesión da oferta nas dúas sedes de impartición (Comisión de Coordinación Intersedes)</p> <p>Revisión das guías docentes e adaptación das mesmas á memoria.</p> <p>Revisión e modificación da memoria (adaptación da docencia de determinadas materias a docencia de laboratorio).</p>	<p>Non procede</p>
SATISFACCIÓN	<p>Satisfacción elevada (4,28) dos estudantes coa docencia recibida, confirmándose unha tendencia en ascenso. Cunha única excepción, os indicadores mostran un valor medio de satisfacción por enriba e 4 e moi próximo en moitos deles ao 4,5.</p> <p>Satisfacción elevada do profesorado (4,35) coa docencia impartida, na tónica, en xeral, de cursos precedentes.</p> <p>Satisfacción moi aceptable dos egresados sobre a información pública dispoñible (3,57).</p> <p>Satisfacción elevada dos titores externos co programa de prácticas externas (4,34).</p> <p>Satisfacción moi aceptable dos estudantes co programas de prácticas externas (3,86). Se valora especialmente a duración das prácticas, o grao de adecuación das instalacións e dos medios materiais con os que contaba a empresa/institución e a atención recibida por parte do titor/a externos e do persoal da empresa/institución.</p>	<p>Ampliación de convenios de prácticas</p> <p>Mellora da organización das prácticas externas</p> <p>Aprobación do regulamento de prácticas.</p> <p>Aprobación do regulamento de TFM.</p> <p>Estudo das medidas a adoptar en materia de programación académica (horarios, organización de grupos, aplicación das directrices dos órganos de goberno) ante o escenario de incerteza do curso 2020-21.</p>	<p>Non procede</p>
RESULTADOS	<p>Taxa de rendemento consolidada por riba do 80%.</p> <p>Taxa de éxito consolidada en torno ao 100%, superior ao valor medio da USC.</p> <p>Taxa de avaliación en ascenso (88,23%).</p> <p>Taxa de eficiencia (92,01) en descenso</p> <p>Taxa de graduación consolidada en torno ao 80%.</p> <p>Taxa de abandono (9,53) en descenso</p> <p>Duración media dos estudos 1,31 anos (valor máis elevado da serie).</p> <p>Descenso da taxa de abandono en descenso (9,52%).</p>	<p>Aplicación de medidas para mellorar os diversos indicadores de resultados</p> <p>Solicitude á USC de redeseño de mecanismos de captación de alumnado exterior (especialmente, procedente de China)</p>	<p>Non procede</p>

4.1.3 Programa de Doutoramento en Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas.

O Programa de Doutoramento Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas insírese no ámbito da investigación en Ciencia Política, Administración Pública e Socioloxía, presentando ao alumno de doutoramento un amplo espazo académico de investigación desde a construción dun pensamento crítico así como de discusión, análise empírica e teórica en problemas sociais e políticos actuais, a formulación de cuestións relevantes de investigación e identificación dos baleiros de coñecemento no ámbito das ciencias políticas e sociais.

O programa permite e seguirá a permitir a realización dun amplo abano temático de teses doutorais en calquera ámbito das ciencias sociais e políticas, prestándose unha atención especial ós actores, ás institucións políticas, á xestión pública e á análise das políticas públicas, así como ós procesos de comunicación política e institucional e ás transformacións das sociedades contemporáneas e os seus sistemas políticos.

A estes efectos, constitúen as principais liñas de investigación:

- E3081L01, Marketing político, actores e institucións políticas
- E3081L02, Administración, xestión pública e políticas públicas
- E3081L03, Socioloxía
- E3081L04, Xénero e política
- E3081L05, Cooperación Internacional

O programa naceu da man do *Plan Estratéxico da USC 2011-2020* e se desenvolveu en atendendo ós seus requirimentos principais:

- Oferta de titulacións adaptadas ás novas necesidades sociais
- Procura da excelencia na docencia
- Potenciación da excelencia investigadora
- Reforzo do prestixio internacional

Os obxectivos de cara ó novo plan estratéxico da USC:

- 1.- Reforzo da *internacionalización* do programa: non soamente no que se refire ó número de teses con mención de tese europea, senón noutras dimensións: profesorado invitado, estadias dos alumnos en centros estranxeiros de prestixio, implicación en redes internacionais.
- 2.- Mellora da *formación metodolóxica* dos alumnos que permita mellorar a calidade e abordar teses máis sofisticadas e aqilatas da man das técnicas máis recentes no eido das ciencias sociais
- 3.- Apertura de investigacións sobre *novidosos campos de investigación* interdisciplinarias: estudo das emocións políticas, big-data, e-government etc.
- 4.- Potenciación da liña ate agora menos frecuentada da *cooperación internacional* en orde a creación dun master na materia.

 USC UNIVERSIDADE DE SAN TIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS	PLAN ESTRATÉXICO PONTE 2021/22	Data: 28/02/2020 <hr/> Páxina 10 de 24
--	--	---

4.2 Actividade Investigadora

O persoal que imparte docencia nos títulos ofertados pola facultade está distribuído en 9 grupos de investigación, 3 deles con coordinador na facultade.

Grupos con coordinador/a na facultade (por orde de código identificativo):

- **(GI-1161) Equipo de Investigacións Políticas**, especialidade en estudos de marketing político e comportamento electoral con intensa actividade de consultoría. 10 dos seus membros son PDI permanentes do centro e outros 6 imparten docencia na facultade como profesorado non permanente. O equipo ten a condición de referencia competitiva con financiamento estrutural autonómico. 8 dos seus membros son PDI permanentes e 4 PDI non permanente.
- **(GI-1162) Grupo Compostela de Estudos sobre Imaxinarios Sociais (GCEIS)**, especialidade en estudos de comportamento social e movementos sociais. 2 dos seus membros son PDI permanentes do centro.
- **(GI-2142) Investigación Social e Políticas Públicas (ISOPOLIS)**, especialidade en políticas sociais, e-goberno e xestión pública. Mantén actividade no ámbito da capacitación, asesoría institucional e conta con traxectoria de coordinación de proxectos do Plan Nacional de I+D+I. Na actualidade xestiona, como socio, un proxecto da Comisión Europea. 5 dos seus membros son PDI permanentes.

A meirande parte do PDI restante, con docencia nos títulos que oferta o centro, está vinculado a 6 grupos de investigación:

- **(GI-1138) Grupo de Estudos Internacionais (GRESIN)**. 2 PDI permanentes.
- **(GI-1175) Economía Pesqueira e Recursos Naturais (ECOPESCA)**. 1 PDI non permanente.
- **(GI-1178) Innovación, cambio estrutural e desenvolvemento (ICEDE)**. 1 PDI non permanente.
- **(GI-1641) Novos Medios (Tendencias, Cibermedios, Impresos)**, 2 PDI permanentes.
- **(GI-1899) Economía Agroalimentaria e Medioambiental, Desenvolvemento Rural e Economía Social (ECOAGRASOC)**. 1 PDI permanente.
- **(GI-2077) Rede de investigación en igualdade, dereitos e estado social (ARMELA)**. 5 dos seus membros son PDI permanentes e 2 PDI non permanente.

Aproximadamente, o 73% do PDI con docencia nos títulos do centro está vinculado a proxectos de investigación.

3 proxectos posúen como investigador principal a docentes del centro: 1 (Proxecto Comisión Europea); 1 (Proxecto Plan Nacional I+D+I); 1 (Proxecto autonómico). O resto do PDI está vinculado a grupos dotados de financiamento estrutural e que na actualidade xestionan 4 proxectos europeos e 5 proxectos do plan Nacional de I+D+I.

Non se dispón de datos sobre recursos captados para a investigación.

4.3 Recursos Humanos

Respecto ao PDI, as táboas 3 e 4 informan dos efectivos nos títulos ofertados en función das áreas de pertenza e vínculo.

Táboa 3: Distribución do PDI por áreas no Grao en Ciencia Política e da Administración (curso 2020-21)

ÁREAS	PDI PERMANENTE	PDI NON PERMANENTE
Ciencia Política e da Administración	13	12
Socioloxía	4	3
Economía Aplicada	2	3
Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais	1	2
Dereito Administrativo	1	1
Total	21	21

Táboa 4: Distribución do PDI por áreas no Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política (curso 2020-21)

ÁREAS	PDI PERMANENTE	PDI NON PERMANENTE
Ciencia Política e da Administración	5	6
Xornalismo	2	1
Total (*)	7	7

(*) Ao total, hai que engadir 1 docente de área externa.

Segundo os datos da plataforma de calidade, actualizados a 17 de decembro de 2020, a porcentaxe de PDI doutor respecto do PDI total con docencia nos títulos era do 82,22% e o 46,67% do PDI era funcionario.

Segundo a información extraída da base de datos de recursos humanos (PDI), actualizada a 01/07/2019 e da base de datos do Plan de Ordenación Docente, actualizada a 17/06/2019, por categoría profesional hai un elevado nivel de cualificación: aínda que nos títulos só imparte docencia un catedrático de universidade, hai porcentaxes elevadas de profesores titulares de universidade e profesores contratados doutores (18.92%), figuras docentes con vinculación permanente e dedicación a tempo completo. A experiencia docente é relativamente alta: o promedio de quinquenios alcanza o valor de 2,86. Finalmente, a experiencia investigadora, moi diversa entre as áreas de coñecemento da USC, non é moi distinta da de moitos centros: 1,03 sexenios en promedio. A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total é de 66,67.

Se ben a facultade non ten competencias na política de PDI, cómpre que a institución tome medidas encamiñadas a renovar o cadro de persoal e a estabilizalo.

Por outra banda, o Persoal de Administración e Servizos (PAS) que traballa no centro está conformado polos seguintes efectivos:

- Persoal laboral: 1 conserxe (Grupo IV.1); 1 oficial de servizos (Grupo IV.1) (aos que se engaden outros 2 conserxes, compartidos coa Fac. de Relacións Laborais) e 2 auxiliares técnicos informáticos (Grupos IV.1).
- Persoal funcionario: 1 responsable de unidade de xestión do centro (Grupo A1/A2, nivel 24); 1 responsable de asuntos económicos (Grupo C1, nivel 18); 1 secretario do decanato (Grupo C1, nivel 18); 1 secretaria de administración (Grupo C1, nivel 18) do Departamento de Ciencia Política e Socioloxía.

Os catro integrantes do persoal de conserxería teñen unha antigüidade que varía entre un mínimo de 11 anos e un máximo de 20. O mesmo sucede co responsable de asuntos económicos, que ten unha antigüidade de 20 anos. A antigüidade é moito menor nos postos de responsable de apoio administrativo ao departamento, de secretaría do decanato e de responsable da Unidade de Xestión, que oscila entre 1 e 7 anos de experiencia nesas posicións.

Dentro do ámbito de competencias da facultade, na táboa 5 faise un resumo das actuacións realizadas e pendentes en materia de recursos humanos.

Táboa 5: Intervencións e actuacións pendentes en materia de Recursos Humanos

INTERVENCIÓNS	ACTUACIÓNS PENDENTES
<ul style="list-style-type: none"> • Xestión cos departamentos involucrados para flexibilizar a distribución de materias por cuatrimestre, facilitando ao profesorado a concentración da súa actividade e conciliar docencia-investigación. • Promoción da participación do PAS e PDI nos programas de mobilidade nos que participa o centro. • Introducción dun procedemento interno de verificación do cumprimento de obrigas docentes (anterior ao implementado de forma xeneralizada pola USC no curso 2019-20). • Solicitude reiterada aos órganos competentes da universidade de maiores exencións (ou exencións reais de carga docente) por desempeño de cargos de xestión e outras tarefas académicas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Facer un estudo interno sobre a participación do PAS e PDI en actividades formativas non ofertadas pola USC. • Solicitar da USC un maior axuste entre a oferta de actividades de formación continua do PDI e PAS e as necesidades formativas reais do persoal.

4.4 Infraestruturas

A facultade está situada no Campus Vida e ocupa dous edificios: o primeiro, construído nos anos setenta do século pasado, destinado a servizos administrativos centrais, compartido coa Facultade de Relacións Laborais, no que se localizan tamén espazos comúns, despachos dos docentes e espazos destinados a grupos de investigación; o segundo, que entrou en servizo a principios deste século, é onde se localiza o aulario e algúns espazos comúns compartidos coa facultade anexa.

O centro dispón dun espazo de aparcadoiro compartido con outros centros e restrinxido ao uso do PDI e PAS.

A táboa 6 informa dos espazos destinados á docencia cos que conta o centro.

Táboa 6. Datos básicos dos espazos da facultade (15/2/21)

ESPAZO	USO	SUPERFICIE (m ²)
Aula 0.1	Grao Ciencias Políticas e da Administración	116
Aula 0.2	Grao Ciencias Políticas e da Administración	116
Aula 1.1	Grao Ciencias Políticas e da Administración	116
Aula 1.2	Grao Ciencias Políticas e da Administración / Máster en Marketing, consultoría e comunicación política	116
Aula 1.3	Grao Ciencias Políticas e da Administración	116
Aula 1.4	Grao en Farmacia	116
Aula 2.1	Grao en Farmacia	178
Seminario 0.1	Grao Cc. Políticas e da Admón. / Máster en Marketing, consultoría e comunicación política	57
Seminario 0.2	CLM	57
Seminario 0.3	CLM	57
Seminario 0.4	CLM	57
Seminario 2.1	Cursos Internacionais / Grao Ciencias Políticas e da Administración	57
Seminario 2.2	Cursos Internacionais / Grao Ciencias Políticas e da Administración	57
Aula de informática	Grao Cc. Políticas e da Admón. / Máster en Marketing, consultoría e comunicación política	116
Salón de graos	Fac. Cc. Políticas e Sociais / Fac. RR. Laborais	152
Salón de actos	Fac. Cc. Políticas e Sociais / Fac. RR. Laborais	264
Sala de xuntas	Fac. Cc. Políticas e Sociais	59

A facultade conta con 1.090 postos nas súas aulas. Ademais, dos espazos que constan na táboa 6, están a disposición do alumnado 4 espazos de traballo grupal (40 prazas) e un local de estudantes. Todas as zonas en uso e o seu perímetro posúen rede wi-fi e todos os espazos garanten o acceso para persoas con discapacidade.

Todas as aulas dispoñen de ordenador fixo na mesa do docente con conexión á rede mediante cable. A meirande parte das aulas conta con cámara para transmisión de actividades docentes e todas dispoñen de proxector e megafonía sen fíos.

Igualmente, cóntase con fotocopiadoras de autoservicio e máquinas expendedoras de alimentos.

Todo o PDI e PAS dispón de espazos de traballo (individuais e compartidos). Así mesmo, os grupos de investigación vinculados a PDI con presenza no centro teñen asignados espazos de traballo. A supervisión da xestión destes espazos é responsabilidade da Xunta de Facultade e baséase nun regulamento propio introducido no curso 2014-15.

O equipamento para o idóneo desenvolvemento das actividades amplíase ou renóvase periodicamente a través dos recursos que para ese fin recibe anualmente a facultade, destinado igualmente á reparación das súas infraestruturas.

Desde a dirección do centro púxose interese por dar resposta as necesidades da comunidade académica a través dos mecanismos de recollida de datos sobre estado das instalacións e equipamento que ten implementado.

Durante os últimos cursos, en función das peticións recibidas e dos incidentes xurdidos, realizáronse investimentos nos elementos expostos na táboa 7 xunto coas intervencións pendentes.

Táboa 7: Intervencións e actuacións pendentes en materia de infraestruturas

INTERVENCIÓNS	ACTUACIÓNS PENDENTES
<ul style="list-style-type: none"> • Actualización (mellora do rendemento) da rede wi-fi (2016 / 2020). • Reasignación de despachos en función das novas incorporacións de PDI e reordenación dos espazos asignados a grupos de investigación. • Elaboración normativa interna uso de espazos • Habilitación de espazos de estudo no aulario para os períodos de exames. • Instalación de tomas de electricidade nas aulas para equipamento portátil do alumnado. • Instalación de pantallas para información do alumnado. • Creación dun espazo propio para a unidade de xestión do Centro. • Acondicionamento (illamento térmico) do despacho do Depto. de Ciencia Política e Socioloxía e intervención parcial dos despachos de docentes (primeiro andar do edificio central). • Actualización do equipamento informático (a excepción de grupos de investigación) nos postos de traballo. • Actualización de equipamento da aula de informática. • Arranxos de prevención de riscos. • Obras de eliminación de filtración de auga no edificio do aulario. • Adquisición de mobiliario de despacho (cadeiras e andeis). • Repintado de espazos diversos (decanato e varios despachos do PDI). • Instalación de pantallas no salón de actos e graos. • Equipamento da sala de profesorado e PAS. • Renovación de canóns de proxección en varias aulas. • Mellora do equipamento multimedia nas aulas 	<ul style="list-style-type: none"> • Nova actualización da aula de informática. • Habilitación dunha nova aula de informática. • Estudo sobre ampliación de espazos de traballo. • Renovación sinalética. • Renovación portas de acceso principais. • Renovación /acondicionamento aseos. • Remate do illamento térmico en despachos do profesorado. (primeiro andar do edificio central) • Ampliación de aulas. • Reparación e limpeza de terrazas. • Reordenación / acondicionamento do aparcadoiro. • Acondicionamento dos espazos de almacén • Habilitación dun espazo para arquivo documental. • Repintado fachadas.

Por outra banda, a comunidade académica da facultade ten acceso aos servizos que fornece a Biblioteca Intercentros *Concepción Arenal* coas seguintes prestacións:

Postos de lectura: 1.030

Postos en salas para audicións ou formación: 30.

Postos en salas para traballos en grupo: 30.

Equipamento informático: postos de lectura informatizados; ordenadores para consulta de bases de datos, catálogos, etc.; ordenadores para consulta exclusiva catálogo BUSC; portátiles para préstamo; impresoras e escáneres.

Máis de 175.000 volumes e 4.000 revistas (3.300 pechadas e 700 en curso). Coleccións de especial relevancia en socioloxía, ciencia política, ciencia da Administración e dereito. No contexto da Covid-19, ampliouse substancialmente o acceso electrónico a monografías de uso habitual por o alumnado.

Para rematar este exame das instalacións, cómpre subliñar que a necesaria expansión de títulos ofertados esixe novos espazos. Este constitúe un dos principais problemas das instalacións actuais, agravado pola cesión de espazos a outros centros da USC.

4.5 Proxección Exterior

4.5.1 Participación de Programas Mobilidade e redes de colaboración docente e investigadora.

Esta facultade ten unha longa tradición de participación en programas de mobilidade, sendo un dos centros máis internacionalizados da USC.

Ao nivel de grao ofértanse 124 prazas en 48 universidades de 10 países europeos dentro do programa Erasmus . Sobresaen, polo seu maior aproveitamento para o intercambio de estudantes e profesores, os acordos asinados con: Ruprecht Karls Universität Heidelberg; Corvinus University of Budapest; Università degli Studi dei Milano; Università degli Studi dei Roma "A Sapienza"; Instituto Universitário de Lisboa (ISCTE-IUL); University of Westminster; Univerzita Karlova V Praze.

Igualmente, o centro está adherido ás diversas modalidades de intercambio Erasmus Mundus e Erasmus International Credit Mobility (KA-107), con presenza de alumnos procedentes de países de Oriente Medio, Asia central, Sudamérica e sueste asiático e participación de PDI saliente do propio Centro.

Así mesmo, dentro do programa SICUE, ofértanse 45 prazas en 18 universidades españolas.

Finalmente, a facultade xestiona programas de mobilidade a través de intercambio bilateral co resto do mundo. Polo volume de participación destacan os acordos con países latinoamericanos, emisores destacados de alumnado para o título de máster ofertado.

Aínda que a facultade fomenta a participación do PDI en programas de mobilidade, resulta aínda moi baixa, tanto a saínte como a entrante. A través do programa KA-107, desde o curso 2019-20 estase a estimular a visita de docentes estranxeiros, pero as limitacións derivadas da Covid-19 alteraron os plans de visita de PDI externo (na data de redacción deste Plan estaban programadas 4 recepcións antes do remate do presente curso) e de saída de PDI propio (2 estadías pendentes).

Malia o interese que para o centro ten esta dimensión internacional, no que atinxe á participación en redes de colaboración e fomento da mellora da docencia e investigación presenta un déficit importante reducíndose a actividade a iniciativas illadas individuais ou grupais.

4.5.2 Actividade Cultural

Durante os últimos anos intensificouse a actividade cultural no centro, tanto programada a partir da demanda da comunidade académica, como a iniciativa de entidades do tecido socioeconómico galego que atoparon nos espazos da facultade medios para difundir a súa actividade. Unha referencia sobre parte das actividades desenvolvidas pode atoparse nas memorias do centro.

4.6 Calidade

O ámbito de aplicación do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) abrangue todas as titulacións impartidas e toda a comunidade académica: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.

A facultade procura non só a excelencia dos programas formativos que oferta, senón a construción dunha comunidade comprometida cun ensino público de calidade e a máxima conexión co tecido socioeconómico no que se insire.

No marco dos programas de xestión de calidade implementados pola USC, a facultade configura a súa política asumindo como principal obxectivo o desenvolvemento eficiente da súa oferta educativa.

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memorias dos títulos ofertados.
- Normativa propia do Centro (Regulamento dos TFG / TFM; Regulamento Interno de Xestión de Espazos).
- Actas cos acordos da Xunta de Facultade e das distintas comisións delegadas.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen no desenvolvemento do SGIC son:

- Equipo decanal.
- Responsable de calidade do centro.
- Xunta de Facultade.
- As comisións delegadas da Xunta de Facultade e, en especial, a Comisión de Calidade de Centro.
- Coordinador/a do grao.
- Coordinador/a do máster.
- Coordinador/a de alumnado.
- Comisión do Título de grao
- Comisión Académica do máster

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGIC poden consultarse nos apartados correspondentes do *Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais* (actualizado, aprobado pola Xunta de Facultade o 23/06/2020). As funcións do coordinador de alumnado, da Comisión do Título de Grao e da Comisión Académica do Máster foron aprobadas pola Xunta de Facultade e incorporadas a última versión do Manual do SGIC.

Na implantación do SGIC implícase a todos os grupos de interese internos, e, a través dos órganos previstos nel, analízanse diversos indicadores que permiten ter un coñecemento detallado de todos os aspectos relevantes para o seguimento dos títulos e do centro e para propor modificacións e melloras neles.

O SGIC concrétase nos procesos, completados por varios procedementos auxiliares, definidos no SGIC marco, sen variacións adoptadas no centro. O desenvolvemento de cada proceso/procedemento consta no manual de procesos do SGIC marco da Universidade, así como na aplicación informática de soporte ao Sistema de garantía de calidade do centro. Tanto o *Manual do SGIC da Facultade de Ciencias*

 USC FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	PLAN ESTRATÉXICO PONTE 2021/22	Data: 28/02/2020 <hr/> Páxina 17 de 24
---	-----------------------------------	---

Políticas e Sociais así como o resto da documentación relacionada co mantemento de SGIC están dispoñibles a través da páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade: <https://www.usc.gal/gl/centros/politicas/SGIC.html>

De acordo co establecido no SGIC marco da USC e no SGIC da Facultade, a información recollida é analizada, en especial, no proceso de seguimento de títulos e na fixación de accións de mellora.

Ademais dos procedementos de recollida de información fornecidos pola USC, o centro impulsa a aplicación de ferramentas propias de recollida de datos, como son a enquisa de inserción laboral, as enquisas a novo alumnado e ao alumnado pertencente a programas de intercambio.

Nas actas das reunións da Comisión de Calidade, a Comisión do Título do Grao e a Comisión Académica do Máster recóllense valoracións sobre a análise dos distintos indicadores que serven de base para formular propostas de mellora.

Para analizar a calidade do ensino e a do profesorado utilízanse datos relativos a PDA, POD, información sobre o persoal de apoio, sobre o profesorado, informes sobre cualificacións e varias enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado. Os datos e informes son analizados polos órganos do SGIC para mellorar a calidade das ensinanzas.

A recollida de información e o seu tratamento desenvólvese segundo o previsto, aínda que habería que indicar que o nivel de participación da comunidade académica (especialmente do alumnado) nas enquisas segue a ser baixo, malia os esforzos de comunicación emprendidos polo centro en coordinación coa Área de Calidade da USC. Para incrementar o nivel de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, nos períodos de realización das mesmas, a dirección do centro está a dar publicidade ás mesmas a través das pantallas do centro e estanse a remitir comunicacións individuais ao alumnado instando a súa participación.

Os procedementos de suxestións e reclamacións están contidos no SGIC. O procedemento de suxestión e queixas recolle a súa tramitación a través do Valedor da Comunidade Universitaria, a través da Oficina de Análise de Reclamacións (o tratamento de queixas, suxestións e recursos administrativos), e por medio do decanato da facultade. Cos datos fornecidos, analízanse os resultados relativos a incidencias e reclamacións asociados á planificación e desenvolvemento do ensino, para poder establecer accións de mellora.

As propostas de mellora teñen asignado un responsable da súa execución, e revísanse periodicamente nas reunións das devanditas Comisións para facer un seguimento da súa consecución.

A dirección do centro e o responsable de calidade da facultade trasladan á Comisión de Calidade os informes e recomendacións dos diferentes procesos de verificación, seguimento e renovación da acreditación, que se encarga da súa análise e de propoñer, no seu caso, plans e accións de mellora.

En todos os órganos do SGIC están representados os grupos de interese internos (PDI, PAS e estudantes), polo que se garante a súa participación no proceso de elaboración, implantación e seguimento das accións de mellora.

Como aspectos pendentes de desenvolvemento, unha vez aprobado o presente *Plan Estratéxico Ponte 2021-22*, quedan os seguintes: a elaboración dun regulamento de réxime interno e a activación do comité consultivo.

5. MISIÓN, VISIÓN E VALORES

5.1 Misión

A Facultade de Ciencias Políticas e Sociais ten como misión a provisión dunha formación e investigación sólidas no campo das ciencias sociais e, especialmente, na ciencia política, xestión pública e relacións internacionais. A finalidade é dotar de competencias especializadas ao alumnado, estimular o seu desenvolvemento profesional e impulsar unha investigación científica social de excelencia.

5.2 Visión

A facultade aspira a ser recoñecida como un dos centros máis prestixiosos do país dentro no amplo campo disciplinar das ciencias sociais, ofrecer os estándares máis esixentes no ensino e a investigación e servir coa maior dedicación á súa comunidade académica, procurando o maior beneficio para ela, para a universidade e para a sociedade na que se insire.

5.3 Valores

A facultade é un proxecto compartido, que defende un servizo público renovador, innovador, aberto e responsable, promove a igualdade, o pluralismo, a loita contra a discriminación e se compromete coa transparencia e o desenvolvemento sostible, en coherencia cos principios democráticos que guían á sociedade á que serve.

6. PROPOSTA DE LIÑAS ESTRATÉXICAS

En función do exposto, a continuación dáse conta das liñas estratéxicas que a Comisión de Calidade propón seguir neste bienio e perfeccionar a través dunha actualización deste Plan en torno aos seguintes eixos:

- **Oferta formativa**
- **Organización e xestión**
- **Internacionalización**
- **Relacións coa sociedade**
- **Fomento da cultura de calidade**
- **Infraestruturas e equipamentos**

LÍÑA ESTRATÉGICA 1**1. OFERTA FORMATIVA****OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS**

- 1.1. REVISAR A OFERTA FORMATIVA**
- 1.2. MELLORAR A EMPREGABILIDADE DOS EGRESADOS**

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1.1**ACCIÓNES ESTRATÉGICAS**

- A. Ampliar a oferta de programas de postgrao**
- B. Explorar a posibilidade ofertar novos programas de grao**

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1.2**ACCIÓNES ESTRATÉGICAS**

- A. Fortalecer a organización dos programas de prácticas externas e ampliar as prazas dispoñibles**
- B. Introducir actividades de orientación laboral na fase final dos currículos formativos**
- C. Fomentar a difusión de ofertas de emprego**

LÍÑA ESTRATÉGICA 2

2. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

- 2.1 MELLORAR A XESTIÓN ADMINISTRATIVA
- 2.2 MELLORAR A ORGANIZACIÓN ACADÉMICA
- 2.3 IMPULSAR A RELACIÓN CO ALUMNADO, PAS E PDI

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2.1

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Solicitar a dotación de máis persoal de apoio administrativo.
- B. Revisar a organización dos postos e distribución de tarefas.
- C. Revisar os procedementos internos e procurar a súa axilización.
- D. Dispoñer dun arquivo documental.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2.2

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Revisar os procedementos de xestión dos TFG/TFM / prácticas externas.
- B. Revisar / actualizar a normativa interna.
- C. Mellorar a coordinación entre persoal de apoio administrativo e persoal docente e revisar os procesos conxuntos.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2.3

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Xerar novas canles de comunicación interna.
- B. Mellorar os mecanismos de coordinación co alumnado, co e entre o PDI e PAS.

LÍÑA ESTRATÉGICA 3

3. INTERNACIONALIZACIÓN

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

- 3.1. INCREMENTAR A PARTICIPACIÓN DO PDI, PAS E ALUMNADO EN PROGRAMAS DE MOBILIDADE.
- 3.2. REFORZAR A INTERNACIONALIZACIÓN DOS TÍTULOS.
- 3.3. APOIAR A CREACIÓN / PARTICIPACIÓN EN REDES DE COLABORACIÓN DOCENTE / INVESTIGADORA.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3.1

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Reforzar a información ao alumnado sobre as vantaxes da mobilidade
- B. Fortalecer os procesos administrativos de apoio á mobilidade
- C. Reforzar a información ao alumnado sobre a formación en linguas estranxeiras
- D. Reforzar a información sobre mobilidade que recibe o PDI e o PAS
- E. Reforzar as relacións coas universidades coas que hai convenio asinado para a promoción dos destinos

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3.2

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Colaborar coas vicerreitorías na promoción dos títulos ofertados e na procura de socios internacionais.
- B. Comezar a deseñar accións formativas en lingua estranxeira
- C. Aproveitar os recursos de captación de profesorado visitante
- D. Deseñar un procedemento interno de decisión sobre solicitudes de invitación a PDI externo

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3.3

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Potenciar a participación do PDI en proxectos internacionais
- B. Asociar ao centro a asociacións / redes internacionais
- C. Explorar posibles cooperación na oferta de títulos interuniversitarios con centros estranxeiros
- D. Comezar a deseñar accións formativas en lingua estranxeira
- E. Fomentar a formación en idiomas estranxeiros do PDI

LÍÑA ESTRATÉGICA 4

4. RELACIÓNS COA SOCIEDADE

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

- 4.1 INCREMENTAR A VISIBILIDADE DOS TÍTULOS E DO CENTRO
- 4.2 MELLORAR A RELACIÓN COS EMPREGADORES
- 4.3 FOMENTAR UNHA RELACIÓN MÁIS ESTREITA CON COLECTIVOS NOS ÁMBITOS QUE NOS SON PROPIOS

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 4.1

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Reforzar as accións de promoción dos títulos
- B. Mellorar a imaxe e incrementar a proxección do centro nos medios de comunicación

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 4.2

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Coñecer as necesidades potenciais dos empregadores a través do comité consultivo
- B. Diseñar unha campaña de comunicación do perfil dos egresados
- C. Ampliar o recoñecemento do título en procesos de acceso ao emprego público

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 4.3

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Incrementar e ampliar as vías de difusión das actividades abertas á cidadanía
- B. Fomentar a difusión das actividades de investigación, divulgación e transferencia realizadas polo profesorado
- C. Crear unha rede de egresados

LÍÑA ESTRATÉGICA 5

5.- FOMENTO DA CULTURA DA CALIDADE

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

- 5.1 MELLORAR A XESTIÓN DOS PROCESOS DE CALIDADE DO CENTRO
- 5.2 ESTENDER O COÑECEMENTO DO SGC E INCREMENTAR O INTERESE POLOS PROCESOS QUE COMPORTA.
- 5.3 MELLORAR A CALIDADE DA DOCENCIA NO CENTRO

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 5.1

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Reorganizar internamente a xestión de calidade
- B. Activar o comité consultivo
- C. Adoptar unha actitude máis proactiva no seguimento dos procesos.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 5.2

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Realizar charlas periódicas para dar a coñecer o SGC entre o alumnado, PDI e PAS
- B. Reforzar o coñecemento do PDI dos procesos, procedementos e normativa do centro
- C. Fomentar a participación dos diferentes sectores nos instrumentos de recollida de información.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 5.3

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS

- A. Fomentar a participación do PDI en cursos do programa de formación do profesorado da USC (PFID)
- B. Realizar unha programación propia do centro de cursos de innovación docente.
- C. Renovar as acreditacións
- D. Estimular a participación do PDI en programas de calidade da docencia.

LÍÑA ESTRATÉXICA 6

6. INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS

OBJETIVOS ESTRATÉGICOS

- 6.1. EXPLORAR VÍAS DE CREACIÓN DE NOVOS ESPAZOS PARA A IMPARTICIÓN DOS TÍTULOS, PARA POSTOS DE PDI E PARA ACTIVIDADE INVESTIGADORA.
- 6.2. MANTER UNHA PROGRAMACIÓN AXEITADA DO MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS.
- 6.3. MELLORAR A INFORMACIÓN SOBRE INFRAESTRUTURAS

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Revisar o deseño das instalacións e examinar a posible redistribución de espazos na procura dun aproveitamento maior dos edificios.
- B. Solucionar a demanda de espazos que esixe a impartición de novos títulos.
- C. Conseguir máis capacidade redistribuíndo espazos de traballo.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Realizar obras de mantemento e mellora do equipamento pendentes.
- B. Renovar equipos de traballo.
- C. Captar entidades interesadas en alugar espazos fóra dos horarios lectivos.
- D. Mellorar o sistema de reserva de espazos.
- E. Manter os protocolos e xestión actualizada da prevención de riscos.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.3

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Actualizar e mellorar a información sobre infraestruturas e instalacións na web do Centro
- B. Manter unha xestión actualizada de equipamentos